



# PREVENCIÓN DA COVID-19 NAS OFICINAS DE EMPREGO

## ANTES DE IR AO TRABALLO



**PERSOAL SENSIBLE**  
Identificar ao **persoal traballador especialmente sensible** e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio.



**FEBRE**  
Non ir traballar con **febre, tose, sensación de falta de aire e outros síntomas** considerados de **sospeita de infección** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



**INFORMACIÓN**  
Difundir as **recomendacións da autoridade sanitaria** e do servizo de prevención ante a COVID-19 con especial atención ás vías de transmisión e ás medidas preventivas e de protección adoptadas.



**DESPLAZAMENTO**  
No **transporte colectivo ou compartido** é obrigado o uso de **máscara** e seguiranse as indicacións de mobilidade fixadas pola autoridade.

## DISTANCIA DE SEGURIDADE



**DISTANCIA**  
Manter **1,5 metros de seguridade** tanto entre o persoal traballador como coa cidadanía.



**MEDIDAS DE BARREIRA**  
Nos postos de atención ao público poderanse instalar **pantallas de separación**, cando non se poida manter a distancia.



**ACTIVIDADES E REUNIÓNS**  
Nas actividades grupais presenciais (reunións, formación, etc.) **respectar a capacidade máxima** que determine a normativa sanitaria.



**CONTROL DE AFORO/ CITA PREVIA**  
Evitar **aglomeracións**, tanto fóra como dentro da oficina, mediante un axeitado control de aforo a través do **sistema de cita previa**.

## HIXIENE, LIMPEZA E VENTILACIÓN



**MÁSCARAS**  
É **obrigado o uso da máscara** en todos os espazos comúns ou de uso colectivo ou dependencia na que estean varias persoas traballadoras ou cidadáns.



**USUARIOS**  
Dispoñer de **dispensadores de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida** para o uso público na entrada e no interior da oficina.



**VÍAS RESPIRATORIAS**  
Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esbirrar e desbotalo de xeito adecuado.



**LAVADO DE MANS**  
Facilitar o **lavado frecuente de mans** con auga e xabón ou ben o uso de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con actividade viricida por todo o persoal. Lavalas antes e despois de tratar con cada usuario.



**OLLOS, NARIZ E BOCA**  
Evitar **tocar os ollos, o nariz e a boca**, xa que as mans facilitan a transmisión.



**EQUIPOS**  
Evitar **compartir equipos, dispositivos e material de oficina**.



**LIMPEZA**  
Asegurar unha **limpeza e desinfección adecuadas** ás características e intensidade de uso dos **locais e espazos**.



**VENTILACIÓN**  
**Ventilar** con máis frecuencia, preferentemente de xeito natural. Reforzar o mantemento dos sistemas de ventilación e asegurar a **renovación** do aire.



**PAPELEIRAS**  
Dispoñer de papeleiras para o **material desbotable**.

## MEDIDAS ORGANIZATIVAS



**SINALIZACIÓN**  
Avaliar a necesidade de **cambiar a disposición dos postos de traballo, organizar a circulación de persoas e redistribuír os distintos espazos** das oficinas (mobiliario, corredores, etc.).



**INFORMAR**  
Distribuír **material informativo** a todo o persoal coas medidas máis importantes para a prevención e control da enfermidade e as súas obrigas e responsabilidades.



**DIFUSIÓN**  
Comunicar á cidadanía, mediante **carteis ou paneis informativos**, as medidas e recomendacións da autoridade sanitaria para evitar a propagación e o contaxio.



**PROTOCOLOS**  
Ter **recollido por escrito as medidas** de ventilación, hixiene, limpeza e desinfección para cada centro.

## INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña  
981 182 329  
issga.coruna@xunta.gal

Lugo  
982 294 300  
issga.lugo@xunta.gal

Ourense  
988 386 395  
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra  
886 218 101  
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago  
881 999 332  
issga@xunta.gal